

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS DESENVOLTAS POR ASOCIACIÓNS DO CONCELLO DE BURELA NO EXERCICIO 2024.

PRIMEIRA. OBXECTO.

Conforme ao disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local, na Lei 5/1997, da administración local de Galicia, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, así como no Regulamento de servizos das corporacións locais e na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Burela, coa finalidade de poder asignar os recursos necesarios ás prioridades sinaladas, esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións, durante o exercicio 2024, destinadas a promover actividades das asociacións culturais do Concello da Burela, de acordo cos principios de obxectividade, concorrência e publicidade.

A través da presente convocatoria, propónse a consecución dos seguintes obxectivos:

1.1.–Obxectivos estratéxicos, ou de primeiro nivel.

-Achegar a cultura ao maior número posible de individuos, empregando os colectivos como instrumento para acadar este fin.

-A existencia dunha vida cultural estable dentro do ámbito territorial do Concello de Burela, programada e desenvolvida polas entidades do ámbito privado, e na que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades que se van desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento.

-A participación activa da veciñanza nunha actividade –a cultura– de claro interese público, como medio de promover a formación das persoas máis novas, e de propiciar a oportunidade de convivencia entre os veciños e veciñas.

1.2.–Obxectivos instrumentais, ou de segundo nivel.



-Para a consecución dos obxectivos estratéxicos, establécense as seguintes liñas de actuación:

-Promover a participación da veciñanza na vida das entidades culturais, ao primar o número de socios activos.

-Promover a complementariedade das asociacións cos obxectivos perseguidos, primando aqueles proxectos que, de non se desenvolver polas asociacións, serían susceptibles de seren asumidos directamente polo propio Concello.

SEGUNDA. GASTOS SUBVENCIONABLES.

2.1.- Poderán ser subvencionados:

- Gastos de personal con contrato laboral coa entidade solicitante.
- Gastos de transporte para a realización de viaxes culturais: os gastos de transporte serán subvencionables no caso de ter contratado a un terceiro (autocar) e sempre que o gasto de transporte leve asociado unha visita ou evento cultural con documento xustificativo/factura que acredite que se realizaron actividades culturais na propia viaxe.
- Gastos de alugueiro de megafonía, son, iluminación e aluguer de infraestruturas imprescindibles e necesarias para o desenvolvemento da actividade cultural.
- Gastos derivados da organización e realización das actividades subvencionadas: material funxible non inventariable relacionado directamente coas actividades subvencionables.
- Seguros de responsabilidade civil e accidentes, cos pertinentes certificados e facturas.
- Gastos derivados do mantemento do local onde a asociación organiza e realiza as actividades subvencionadas (aluguer, auga, luz, teléfono fixo, consumibles, material de oficina).

2.2.- Non se subvencionarán:

- Aloxamentos, hostalería, comidas e restauración dos membros da asociación ou entidade cultural.



- As viaxes que non acrediten o seu carácter eminentemente cultural.
- Investimentos e compra de material inventariable.
- As actividades que reciban subvención nominativa recollida no Artigo 40 das Bases de Execución.
- Os gastos directos ou indirectos de publicidade, de protocolo ou representación e de telefonía móbil.
- Impostos, xuros, recargas, sancións administrativas nin gastos de procedementos xudiciais.
- Compra de elementos que posteriormente sexan vendidos a beneficio da asociación.

2.3.– Momento de realización dos gastos financiados

-Os gastos para os que se solicite a achega municipal deberán ser efectuados entre o día 1 de Xaneiro de 2024 e antes do 19 de Novembro de 2024.

TERCEIRA. ORZAMENTO.

A contía destinada a esta convocatoria ascende a 30.000,00 €. imputables á aplicación orzamentaria 334.489. Non obstante, esta cantidade poderá incrementarse ata un total de 33.000€ por motivos xustificados, sempre e cando exista dispoñibilidade na bolsa de vinculación xurídica.

CUARTA. BENEFICIARIOS.

Poderán optar a estas subvencións as asociacións culturais existentes no Concello de Burela, legalmente constituídas, e que figuren inscritas no rexistro municipal de asociacións, sempre e cando conten con domicilio social e sede territorial no Concello de Burela e conten cos datos da inscrición estean debidamente actualizados ao momento de solicitar a achega.

Non poderán optar a estas subvencións as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nin as referidas no artigo 10 da LSGalicia.



As asociacións solicitantes teñen que estar ao día nas súas obrigas tributarias, AEAT e Facenda, así como, coa Seguridade Social.

As entidades solicitantes non poderán ter pendente de xustificación ningunha axuda anterior do Concello, a non ser que lles fora concedida unha prórroga.

QUINTA. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

–Lugar de presentación de solicitudes.

As solicitudes deberán presentarse obrigatoriamente no rexistro electrónico do Concello de Burela (<https://burela.sedelectronica.es>), de acordo co establecido na Lei 39/15, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Non se admitirán solicitudes que incumpran o establecido no parágrafo anterior, téndose por non presentadas cando a entidade interesada teña a obriga de relacionarse coa administración por medios electrónicos.

–Prazo de presentación.

O prazo para presentar as solicitudes será de 10 DÍAS NATURAIS dende a publicación de anuncio destas bases no DOG/BOP. En caso de rematar nun día inhábil, este prazo entenderase estendido ata o inmediato hábil seguinte.

–Documentación integrante das solicitudes.

As solicitudes deberán achegarse nos modelos normalizados que figuran como anexos ás presentes bases e que se publicarán na sede electrónica do Concello de Burela <https://burela.sedelectronica.es>.

–Publicidade.

Darase publicidade ás presentes bases polo conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións, segundo o disposto na LXS. As bases publicaranse no BOP e na sede electrónica do Concello de Burela.



SEXTA. DOCUMENTACIÓN, TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN.

DOCUMENTACIÓN DE SOLICITUDE:

As solicitudes deberán achegarse nos modelos normalizados que figuran como anexos ás presentes bases e que se publicarán na sede electrónica do Concello de Burela <https://burela.sedelectronica.es>.

Solicitud de subvención de acordo co modelo previsto no ANEXO 1 das presentes bases. Xunto con este anexo, os solicitantes deberán achegar igualmente:

- a) Solicitud da subvención.
- b) Declaración responsable expedida polos órganos representativos da entidade, na que se faga constar o número de socios ao corrente de cotas e as efectivamente cobradas no exercicio actual e no precedente. ANEXO 2.1
- c) Breve memoria das actividades desenvolvidas no ano en curso.
- d) Breve memoria explicativa da actividade que se vai realizar, xustificativa das necesidades da subvención, reflexando o proxecto concreto ou memoria valorada para o que se pretende a subvención indicando o orzamento pormenorizado dos gastos e ingresos a realizar para a súa execución.
- e) Declaración responsable do representante legal da entidade segundo ANEXO 2.2.
- f) Copia dos estatutos da entidade.
- g) Documentación acreditativa da data de creación da entidade (Primeiros estatutos, carteis, ou outros documentos onde apareza o nome da asociación; xa que se os estatutos sofren modificacións, non aparece a data real de creación).
- h) Certificación orixinal da entidade onde faga constar o domicilio social actual e os membros da actual xunta directiva. ANEXO 2.3
- i) Declaración xurada do representante de axudas/subvencións ou patrocinios solicitadas e concedidas por outras administracións para a mesma actividade. ANEXO 2.4
- j) Copia do NIF da entidade.



- k) Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.
- l) Documentación con valor probatoria dos criterios obxecto de valoración: imaxes, carteis, trípticos empregados para difundir o proxecto e da obrigatoria publicidade do órgano concedente da subvención.

TRAMITACIÓN:

Constituirase unha Comisión de Valoración presidida polo Alcaldesa, ou persoa en quen delegue, e integrada polos/as seguintes vogais:

- Concelleira-delegada da área de cultura.
- Director da Casa da Cultura.
- Actuando como secretario o Director da Casa da Xuventude.

A Comisión de Valoración encargada da instrución do procedemento, avaliará as solicitudes presentadas tendo en conta os criterios e baremos que figuran nas presentes bases e a documentación aportada polas asociacións. Aqueles aspectos, dúbidas ou incidencias quenon queden desenvolvidos de xeito explícito nestas bases, serán resoltos pola Comisión de Valoración.

A Comisión de Valoración realizará o procedemento de asignación da puntuación a cada club ou asociación solicitante en base á documentación aportada. En función da puntuación determinarase a contía económica correspondente a cada entidade solicitante.

No caso de non presentar algún dos documentos e xustificacións que se sinalan no apartado anterior das bases desta convocatoria, polo órgano instrutor comunicarase ao interesado concedéndolle un prazo de dez días para que poida achegar os documentos requiridos. Transcorrido devandito prazo poderáselles excluír da convocatoria e procederase ao arquivo da súa petición.

RESOLUCIÓN:

A Comisión de Valoración elaborará e presentará a proposta de acordo debidamente motivada á Concellería de Cultura do Concello de Burela, que a elevará, si a considera acertada e axustada á normativa, como proposta de acordo á



Xunta Local de Goberno e será notificada ás asociacións previa fiscalización pola intervención municipal.

O prazo máximo de resolución será, como máximo, de 150 días desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Para obter a cantidade económica da subvención é necesario que a cantidade económica da partida orzamentaria destinada á subvención se divida polo resultado de sumar os puntos de todos os proxectos presentados. A citada operación aritmética dará como resultado o valor dun punto. Logo multiplícase dita cantidade polo número de puntos de valoración do proxecto en cuestión.

A concesión en firme das subvencións xerará un dereito en favor do/a beneficiario/a e o correlativo compromiso para o concello, compromiso que só será esixible cando se acredite o cumprimento das finalidades que motivaron a súa concesión en prazo e forma.

No prazo de cinco (5) días naturais seguintes ao da publicación da resolución, os/as beneficiarios/as das achegas deberán comunicarlle ao Concello de Burela, por escrito, a non aceptación. Se transcorrido ese prazo non se fixese manifestación expresa en ningún sentido, entenderase aceptada a achega concedida.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

De acordo co previsto no artigo 30 do RD 887/06, no mes seguinte ao trimestre natural en que se resolva a distribución de achegas ao abeiro desta convocatoria, procederase a publicar a relación de entidades beneficiarias, nos termos indicados en dita norma.

SÉTIMA. CRITERIOS OBXECTIVOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS.

O procedemento asignado para a concesión das distintas solicitudes será en réxime de concorrência competitiva, mediante uns criterios de concesión das axudas referidos ao ano 2024.

O cuanto da subvención concederase segundo os puntos que obteñan de acordo cos criterios de concesión. O “valor do punto” obtense dividindo o 100% do orzamento desta convocatoria entre o total de puntos obtidos por todas as solicitudes da mesma que obteñan polo menos 1 punto.



Os criterios de concesión das axudas son os seguintes:

A - CRITERIOS RELACIONADOS COA ASOCIACIÓN. (5 ptos mínimo - 10 ptos máximo)

1.- Antigüidade dende que se constituíu como asociación:

- Máis de 30 anos: 5 puntos
- De 10 a 29 anos: 3 puntos
- De 1 a 9 anos: 1 punto

2- Número de socios ou de compoñentes da asociación, de pleno dereito, ao corrente de pago. Comunicarase por certificación do Secretario da asociación ou declaración responsable do Presidente.

- Máis de 200 socios: 5 puntos
- De 101 a 200: 4 puntos
- De 51 a 100: 3 puntos
- De 11 a 50: 2 puntos
- Ata 10: 1 punto

No caso de que a asociación conte con socios familiares, a puntuación máxima alcanzase a partir dos 50 socios familiares.

De non acadar un mínimo de 5 puntos neste apartado, éste non se puntuará.

B - CRITERIOS RELACIONADOS CO ORZAMENTO. (15 puntos máximo)

1-Achega de recursos por parte da asociación:

- Achega recursos propios entre o 21% e o 40%: 2 puntos
- Achega recursos propios entre o 41% e o 60%: 3 puntos
- Achega recursos propios entre o 61% e o 80%: 4 puntos
- Achega recursos propios de máis do 81%: 5 puntos

2-Local da asociación:



-A asociación realiza actividades nun local propio que conleva uns custes indirectos: 5 puntos

-A asociación realiza a actividade en varias ubicacións, sendo máis do 60% das horas destinadas á mesma nun local propio que conleva uns custes indirectos: 3 puntos

-A asociación realiza as actividades nun local ou ubicación alleo á entidade que non conleva uns custes indirectos: 0 puntos

3- Gastos totais realizados:

-Ata 1000€: 0 puntos

-De 1001 a 3000€: 1 punto

-De 3001 a 5000€: 2 puntos

-De 5001 a 7000€: 3 puntos

-De 7001 a 9000€: 4 puntos

-Máis de 9000€: 5 puntos

C - CRITERIOS RELACIONADOS CO PROXECTO CULTURAL ANUAL. (20 puntos máximo)

1-Ser responsables máximos ou organizadores dun evento cultural de interese para o pobo: 2 puntos por evento

2-Colaboración con outras asociacións e co concello desinteresadamente: 0,5 puntos, ate un máximo de 4 eventos.

3-Participación en actividades fóra do Concello onde levar o nome de Burela e difundir así a nosa cultura e folclore: 0,5 puntos por evento até un máximo de 2 puntos.

4-Realización dalgunha actividade anual para os socios ou non socios (clases, charlas...) de índole cultural que se manteñen con periodicidade como mínimo durante 6 meses: 5 puntos

Dividirase o orzamento dispoñible para subvencións a asociacións entre o total de puntos sumados por todas as asociacións que opten a elas.



Iso arrojará o valor en euros por punto. A continuación multiplicarase ese valor obtido polos puntos sumados por cada asociación. A cantidade que resulte será a subvención que se concederá a cada asociación. Sexa cal for esa cifra, en ningún caso poderá superar o 100% do orzamento para o ano obxecto de subvención que prevé a asociación.

A axuda non poderá superar a contía de 5500€ por entidade.

OITAVA. OBRIGAS DO BENEFICIARIO

Unha vez publicada a concesión da subvención e sempre dentro dos prazos máximos establecidos, a entidade beneficiaria estará obrigada a:

- a. Realizar a actividade subvencionada.
- b. O cumprimento dos requisitos mínimos establecidos nesta convocatoria.
- c. Comunicar con polo menos quince días de antelación calquera modificación do lugar ou a data de celebración da actividade, salvo causas sobrevidas que teñan imposible realizar dita comunicación co prazo descrito.
- d. Aportar os datos que se soliciten por parte da Concellería de Cultura no referente á preparación, desenvolvemento e organización da actividade.
- e. Cumprir todas as normas establecidas na Lexislación aplicable de Subvencións, nas Bases desta convocatoria.
- f. Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a responsabilidade persoal da persoa que subscriba a solicitude de subvención.
- g. Deberán empregar o logotipo do Concello de Burela, ou outro que se acorde, en todas as actividades e comunicacións que haxan promovido e que promovan, así como facer constar a colaboración da Concellería de Cultura do Concello de Burela en todas as publicacións, carteis, documentación impresa da actividade.
- h. Autorizar a publicación da información detallada sobre o proxecto de actividade a desenvolver ou sobre a actividade desenvolvida na web do Concello de Burela ou en calquera outro medio ou soporte.
- i. Unha vez outorgadas as subvencións, o Concello de Burela, a través dos seus servizos municipais, poderá comprobar a adecuación do destino da



subvención procedendo, no suposto de non adecuarse ao prefixado, á revogación da subvención concedida e á inhabilitación da entidade para os efectos de non poder volver solicitar do Concello de Burela novas peticións.

- j. Prestar o servizo de xestión baixo os principios de transparencia, eficacia, eficiencia, calidade, seguridade e bo goberno.

Serán de aplicación así mesmo as obrigas do artigo 14 LXS e artigo 11 LSG.

NOVENA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

1.–PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

O prazo de xustificación finalizará o 20 de novembro de 2024.

2.–DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA.

2.1 A obriga de xustificar a achega concedida deberá ser cumprida mediante a presentación da correspondente MEMORIA XUSTIFICATIVA, de acordo co modelo que se recolle como ANEXO 3 destas bases, á que se engadirá a seguinte documentación:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas nestas bases así como, se é o caso, na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación da entidade beneficiaria de que foi cumprida a finalidade para a cal se outorgou a subvención.
- Conta xustificativa dos gastos realizados.
- Facturas de gasto e demais documentos de valor probatorio equivalentes no tráfico xurídico mercantil, con acreditación de terse realizado o pago.
- Documentación xustificativa, no seu caso, doutras subvencións para o mesmo fin.



Non se permitirán pagos en efectivo por importe superior a cincocentos euros. No caso de realizar pagos en efectivo, no documento xustificativo deberá figurar a expresión “recibín en metálico”, así como, firma e selo do emisor/proveedor.

Para os efectos do indicado no artigo 31 da lei 38/03, do 17 de novembro, xeral de subvencións, considerarase gasto efectivamente realizado o documentado segundo o indicado no parágrafo anterior.

2.2 En caso de que as actividades subvencionadas se efectuasen a través de persoal contratado para tal efecto:

- Orixinal ou copia compulsada dos contratos de traballo.
- Copias compulsadas das nóminas aboadas e dos boletíns de cotización á seguridade social RCL e RNT, así como dos documentos bancarios acreditativos dos correspondentes pagos (extractos ou cargos bancarios).

2.3 Carteis e/ou folletos informativos que se utilizaran para publicitar a actividade. A difusión da actividade deberá ser levada a cabo en lingua galega, facéndose constar en todo caso a colaboración do Concello de Burela. Respectando en todo momento o criterio de proporcionalidade na publicidade da actividade. A citada acreditación farase coa indicación de patrocinio do Concello de Burela e co seu escudo.

2.4 Orixinal ou copia dos certificados acreditativos do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

2.5 Declaración responsable do representante da entidade, se é o caso, de que está asumindo o custe do IVE derivado dos gastos subvencionables da actividade por non ter a posibilidade de recuperalo ou compensalo.

Ao respecto das correspondentes comprobacións estarase ao disposto na LXS e na LS Galicia.

3.- REXISTRO DA DOCUMENTACIÓN.

As xustificacións deberán presentaranse obrigatoriamente no rexistro electrónico do Concello de Burela (<https://burela.sedelectronica.es>), de acordo co establecido na



Lei 39/15, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Non se admitirán xustificacións que incumpran o establecido no parágrafo anterior, téndose por non presentadas cando a entidade interesada teña a obriga de relacionarse coa administración por medios electrónicos. Para os efectos da xustificación documental, admitiranse copias sempre que en cumprimento do disposto no artigo 73 do regulamento de desenvolvemento da lei de subvencións, con carácter previo ao rexistro da xustificación e a elaboración da copia, se reflectise sobre o orixinal da factura unha estampilla co selo do concello de Burela, ou ben coa seguinte mención “factura empregada para xustificar unha achega ante o Concello de Burela” por parte do persoal de intervención.

4.-TRAMITACIÓN DA XUSTIFICACIÓN.

Á vista da documentación xustificativa presentada, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados e, se a documentación é correcta, procederase á aprobación, se é o caso, das xustificacións presentadas.

Para o cobro da subvención as entidades beneficiarias deberán ter ao corrente as súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Burela.

DÉCIMA.- REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS.

As subvencións serán reintegradas nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro e 33 da LSGalicia.

UNDÉCIMA.- OUTRAS SUBVENCÍONS OU AXUDAS.

As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter as entidades beneficiarias doutras administracións públicas, sempre e cando o importe total do conxunto das mesmas non supere o custe da actividade ou investimento subvencionado.



Sen prexuízo do anterior, as actividades para as que se solicite esta achega non poderán acollerse a outras convocatorias do concello de Burela

DUODÉCIMA.- RÉXIME SANCIONADOR.

Os/as beneficiarios/as de subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador disposto na Lei Xeral de Subvencións e, se é o caso, ao disposto no Código Penal (Lei Orgánica 10/95).

DISPOSICIÓN ADICIONAIS.

Disposición adicional primeira.

A falta de xustificación na forma e nos prazos sinalados poderá ocasionar as responsabilidades que correspondan.

As entidades beneficiarias de subvencións concedidas polo Concello quedarán obrigadas a someterse a todas as actuacións que este poida acordar para comprobar que os fins ós que se dedica a subvención se corresponden cos fins para os que se solicitara e concedera a axuda, e para verificar que se cumpren todas as condicións esixidas para a concesión da subvención ou axuda.

Disposición adicional segunda.

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas bases de execución do orzamento xeral do Concello a para o exercicio de 2024, na Ordenanza Xeral de Subvencións do concello de Burela, publicada no BOP de 15 de outubro de 2005, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento, en canto resulte de aplicación, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Estarase así mesmo ao disposto na referida normativa para o suposto de existencia de contradición.



ANEXO 1

SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN

Nome da persoa que presenta a solicitude (Presidente da asociación).	NIF
Enderezo	Municipio
Tfno.	Enderezo electrónico

Actuando en representación de (datos da entidade solicitante):

Nome	CIF
Enderezo	Localidade
Nº de Rexistro Municipal de Asociación	Nº de asociados
Secretario	Enderezo electrónico

Tendo coñecemento da liña de axudas convocadas polo Concello de Burela para a promoción da actividades realizadas por asociacións culturais durante o exercicio 2024, **SOLICITO** ao abeiro da mesma a concesión dunha achega para a realización das actividades indicadas a continuación:

Xunto con este anexo, os solicitantes deberán achegar igualmente:

- a) Solicitude da subvención.
- b) Declaración responsable expedida polos órganos representativos da entidade, na que se faga constar o número de socios ao corrente de cotas e as efectivamente cobradas no exercicio actual e no precedente. ANEXO 2.1
- c) Breve memoria das actividades desenvolvidas no ano en curso.
- d) Breve memoria explicativa da actividade que se vai realizar, xustificativa das necesidades da subvención, reflexando o proxecto concreto ou memoria valorada para o que se pretende a subvención indicando o orzamento pormenorizado dos gastos e ingresos a realizar para a súa execución.



- e) Declaración responsable do representante legal da entidade segundo ANEXO 2.2
- f) Copia dos estatutos da entidade.
- g) Certificación orixinal da entidade onde faga constar o domicilio social actual e os membros da actual xunta directiva. ANEXO 2.3
- h) Declaración xurada do representante de axudas/subvencións ou patrocinios solicitadas e concedidas por outras administracións para a mesma actividade. ANEXO 2.4
- i) Copia do NIF da entidade.
- j) Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.
- k) Documentación con valor probatoria dos criterios obxecto de valoración: imaxes, carteis, trípticos empregados para difundir o proxecto e da obrigatoria publicidade do órgano concedente da subvención.

_____, ____ de _____ de 2024.
O/A PRESIDENTE DA ENTIDADE:
Firma:



ANEXO 2.1

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DO/DA REPRESENTANTE DA ENTIDADE DO
NÚMERO DE SOCIOS/AS AO CORRIENTE DE PAGO NO EXERCICIO ACTUAL.**

DECLARO:

D.D^a _____, con DNI número
_____,'

Na miña condición de representante da entidade

_____,'

con CIF número _____

Declara baixo xuramento e a miña responsabilidade:

Que o número de socios/as ao corrente dos pagos no exercicio actual _____

é de _____.

_____, ____ de _____ de 2024.

O/A PRESIDENTE DA ENTIDADE:

Firma:



ANEXO 2.2**DECLARACIÓN RESPONSABLE DO REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE**

Nome	Nif
Enderezo	Municipio
Tfno.	Enderezo electrónico

Presidente da seguinte asociación, e actuando na súa representación (datos da entidade):

Nome	CIF
------	-----

DECLARO:

- Que COÑEZO E ACEPTO as bases da convocatoria promovida polo Concello de Burela para a promoción de actividades levadas a cabo por asociacións culturais no exercicio 2024, e que non estou incurso de incompatibilidade ou incapacidade algunha para contratar e percibir subvencións da administración pública.
- Que a entidade por min representada está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, non estando incurso en ningunha outra causa que supoña ou poida supoñer obstáculo legal para o seu acceso á condición de beneficiario dunha achega ao abeiro da presente convocatoria.
- Que a entidade por min representada se compromete a difundir na publicidade das actividades ou investimentos subvencionados o carácter público do financiamento, indicando expresamente a colaboración do Concello de Burela, inserindo o seu logo oficial en todo o material que se utilice para dita difusión.
- Que a entidade por min representada se somete ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello da Burela poida acordar para comprobar que as actuacións ás que dedique a subvención, no caso de que nos fose concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.

_____, ____ de _____ de 2024.
O/A PRESIDENTE DA ENTIDADE:
Firma:



ANEXO 2.3

CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA DA ENTIDADE DO ACORDO DE SOLICITUDE, NOMEAMENTO DO REPRESENTANTE, DOMICILIO SOCIAL E MEMBROS DA ACTUAL XUNTA DIRECTIVA

D.D^a _____, co DNI número _____,
Secretario/a da _____ entidade
_____, con
CIF número _____

CERTIFICO:

1- Que na reunión da xunta directiva da mencionada asociación, celebrada o día ____/____/____ adoptouse o acordo de presentación da seguinte solicitude:

Convocatoria de subvencións para a promoción de actividades culturais desenroladas por asociacións culturais do concello de Burela no exercicio 2024.

2- Que así mesmo, acordouse nomear a D./D^a. _____ con DNI número _____ representante para as relacións desta entidade co Concello de Burela.

3- Que na devandita reunión acordouse así mesmo aceptar as bases da convocatoria, e os compromisos que nela se inclúen.

4- Que o domicilio social actual da nosa entidade é: _____

5- Que os membros actuais da xunta directiva da nosa entidade son:

CARGO	NOMBRE Y APELLIDOS	DNI

E para que así conste, aos efectos oportunos, expido a presente certificación.

_____, _____ de _____ de 2024

O/A secretario/a

Vtº e Prace, O/A Presidente/a

(Sinatura e selo)

Asdo.: _____



ANEXO 2.4**DECLARACIÓN XURADA DO/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE DAS
AXUDAS/SUBVENCÍONS OU PATROCINIOS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS POR
OUTRAS ADMINISTRACIÓNS PARA A MESMA ACTIVIDADE**

D.D^a _____, co DNI número _____,
Secretario/a da _____ entidade
_____, con
CIF número _____

Declaro baixo xuramento e a miña responsabilidade:

- ☐ Que non solicitamos nin nos concederon outra axuda ou subvención doutras administracións públicas, entes públicos ou entidades privadas para a actividade para a que solicitamos subvención.
- ☐ Que a seguinte táboa sinala a/s outra/s axuda/s ou subvención/s solicitadas e/ou concedidas por outras administracións públicas, entes públicos ou entidades privadas, para a actividade, acción ou comportamento _____
sendo esta a mesma para a que solicitamos subvención ao Concello de Burela ao amparo da convocatoria de subvencións para a promoción de actividades culturais desenroladas por asociacións culturais no ano 2024.

RELACIÓN DETALLADA

CONCEPTO (marque cunha cruz "X")		PROCEDENCIA	IMPORTE
AXUDA	SUBVENCIÓN		
			€
			€

TOTAL AXUDAS OU SUBVENCÍONS	€
------------------------------------	----------

- ☐ Outros patrocinios sen achegas económicas doutras administracións públicas, entes públicos ou entidades privadas, tal como figura na seguinte relación detallada dos patrocinios obtidos para o mesmo obxecto ou actividade.

RELACIÓN DETALLADA

PATROCINIO DE	EN CONCEPTO DE

Para que conste para os efectos oportunos, asino esta declaración

_____, _____ de _____ de 2024

O/A representante

Asdo.: _____



ANEXO 3.1 DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA

CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA DO CUMPRIMENTO DA FINALIDADE

D.D^a _____, con DNI número _____,
secretario/a da entidade _____, con
CIF número _____

CERTIFICO:

Que a entidade _____, con
CIF número _____ desenvolveu a/as actividade/s subvencionada/s na súa
totalidade cumprindo as condicións que orixinaron a concesión da subvención, tal e como se
especifica na memoria explicativa,

E para que así conste, aos efectos oportunos, expido a presente certificación.

_____, _____ de _____ de 2024

O/A secretario/a

Vtº e Prace,
O/A Presidente/a

(Sinatura e selo)

Asdo.: _____



ANEXO 3.2 DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA

CONTA XUSTIFICATIVA

D.Dª _____, con DNI número _____,
secretario/a da entidade _____, con
CIF número _____

DECLARO:

Que o custo total da/s actividade/s subvencionada/s soportado pola entidade para cuxa realización o Concello de Burela lle concedeu unha subvención, para a promoción de actividades levadas a cabo por asociacións culturais, ao abeiro da convocatoria correspondente ao exercicio 2024, ascendeu ao seguinte importe:

GASTOS REALIZADOS

Expedidor da factura e CIF	Nº de factura	Data de expedición	Concepto	Importe	DATA PAGAMENTO
			SUMA (CUSTO TOTAL) *		



INGRESOS QUE FINANCIARON A/S ACTIVIDADE/S

FINANCIAMENTO	IMPORTE
Subvención concedida polo Concello de Burela	
Subvencións doutras administracións	
Outras fontes de financiamento	
Fondos propios	
SUMA *	

O/A PRESIDENTE DA ENTIDADE:
Firma:

